

Acta de reunión con carácter ordinario da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tenis, celebrada na Escola Galega de Administración Pública (EGAP)-aula núm. 2 (planta Baixa), na Rúa Madrid 2-4 15707 Santiago de Compostela, celebrada o 21 de febreiro de 2025 as 17:30 horas, coa asistencia dos membros que se detallan á marxe:

Presidente: José Mosquera Casero

Estamento Árbitros:

Manuel Ángel Martínez Baz

Blas Sobrido Lago

Estamento Técnicos:

Jorge Comesaña Comesaña

Estamento Deportistas DGAN:

Celia Cerviño Ruíz

Estamento Deportistas A Coruña:

José Deus Brage

Estamento Deportistas Lugo:

José Ángel Carreira Montes

Estamento Deportistas Pontevedra:

Luis Juan Fernández Martínez

Eduardo Giménez Cencillo

Estamento Clubs A Coruña:

Club Tenis Boiromar- Ramón Santos Pérez

Club Tenis Punta Salera- José Sobrido Bo

Club Tenis A Pedralba-Victor Carballido Vázquez

Real Aero Club de Santiago-Alexandre Beiras Saraquete

Club W- Javier Iglesias Varela

Sporting Club Casino Coruña - Gabriel Fernandez

Mourelle

Club Tenis Compostela – Iría López Bueno

Club de Tenis Redes- José Manuel Fariñas Cid

Estamento Clubs Lugo:

Centro Deportivo D10 – Marta Estévez Álvarez

Club Fluvial de Lugo - Manuel Castiñeira Abuín

Club de Tenis As Termas- Juan M. López Bernal

Club Tenis Chantada- Yolanda Colmenero Veloso

Estamento Clubs Ourense:

Club Dereito Empresariais -Nicolás Corral Hidalgo

Club Santodomingo de Ourense- Alfonso Junco Martínez

Estamento Clubs Pontevedra:

Club Tenis Valga- José Antonio Méndez Morales

Club Tenis Recreo Cultural – Susana Marcos Ramos

Club Tenis Pontevedra- Celso Carpintero Cardoso

Ureca-Carlota Lorenzo Alonso

CC Deportivo de Sanxenxo – Francisco Hernández Soto

Club de Tenis Cambados – Marta Rivero Álvarez

Club Tenis Ponteareas- Juan C. Fernández Márquez

Club Tenis Redondela- Elsa Corral Hidalgo

Marco A Casal Costas – asistente a presidencia

Carlos Coira Lojo-asistente a presidencia

M^a Jesús Fernández García-Asistencia a secretaría

Actúa como secretario da reunión Gabriel Fernández Mourelle

Acta de sesion:

E aberta polo presidente, agradece a asistencia aos presentes e da paso os puntos da Orde do Día:

1. Aprobación do acta da reunión anterior.

Aprobada por unanimidade

2. Aprobación do orzamento de ingresos e gastos do ano 2025.

O presidente procede coa explicación do documento achegado aos asembleistas e vai resumindo todos os conceptos.

Procédese a votación da aprobación do orzamento do 2025:

Votos a favor: 17

Votos en contra: 13

Abstencións: 0

O orzamento queda aprobado por 17 a 13 votos.

3. Tarifas para o ano 2025 e licenzas 2025/2026

Detállanse as tarifas segundo o establecido no documento achegado aos asembleistas e vótase a súa aprobación:

Votos a favor: 19

Votos en contra: 1

Abstencións: 11

Quedan aprobadas as tarifas para o ano 2025 e licenzas 2025/2026

- 4. Autorización ao presidente para solicitar pólizas de crédito por valor máximo do 10% do orzamento e así mesmo ata o máximo do importe do 100% de subvencións específicas concedidas en firme.**

Se aproba por unanimidade

- 5. Aprobación do regulamento de licenzas – Especialidades Deportivas.**

Se aproba por unanimidade.

- 6. Calendario de competición do 2025.**

Toma a palabra Marco A Casal, que explica o documento do calendario, que mantén a estrutura da pasada tempada.

- Enlace o calendario da competición para o 2025
[Calendario 2025](https://docs.google.com/spreadsheets/u/2/d/e/2PACX-1vSlgCApDVACeTxlXC5hCfdXFL1RjWEedMUuaj2JzDruUt_La4zyoOism43-Bd_6mom9zsWaBQT8DTQTP/pubhtml)
https://docs.google.com/spreadsheets/u/2/d/e/2PACX-1vSlgCApDVACeTxlXC5hCfdXFL1RjWEedMUuaj2JzDruUt_La4zyoOism43-Bd_6mom9zsWaBQT8DTQTP/pubhtml

Resólvense as dúbidas dos asembleístas e se procede á votación, que queda como segue:

Votos a favor: 22

Votos en contra: 3

Abstencións: 6

- 7. Modificacións aos Regulamentos de Competicións.**

Proposta modificación Competición por Equipos Absoluto feminino.

- [Regulamento Específico ABS Fem](#)

Se somete a votación o seguinte:

- Modificar o sistema de competición do Absoluto Femenino, con:
 - División Oro: 12 equipos
 - División Plata: 12 equipos.
 - Fase Liga: formación divisións

A FAVOR	EN CONTRA	ABSTENCIÓNS
29	0	2

Queda aprobado

- Proposta modificación División Ouro Masculina.

Modificar o sistema de xogo para a fase de liga a 2 sets + súper tie break.

Fase de liga división Oro a 2 sets + super.

A FAVOR	EN CONTRA	ABSTENCIÓNS
31	0	0

- Proposta modificación do Regulamento Benxamín por Equipos.

Fíxose unha proposta para mellorar a experiencia dos xogadores benxamíns, buscando por encima de todo a proximidade e a relación dos xogadores.

Na configuración da competición e en base a estas premisas deseñouse unha competición que se basea no seguinte:

- Formación de grupos en proximidade cun mínimo de 3 equipos e cun ideal de 4.
- Xógase liga a dobre volta por concentración de 3 equipos nunha sede.
- Fórmanse divisións tras a primeira fase para decidir os campións de categoría.

Comunicado no seu momento aos equipos implicados para ter a súa aprobación ao novo sistema o acordo foi unánime e púxose en marcha nesta tempada.

Sométese a votación:

A FAVOR	EN CONTRA	ABSTENCIÓNS
31	0	0

- Proposta de Modificación Sistema Sancionador

Chegou unha proposta de modificar o sistema sancionador para aqueles clubs que fagan incomparecencia. A situación que se detectou é a seguinte, moitos clubs non están a xogar os encontros que requiren un desprazamento longo.

Actualmente o regulamento sancionador para este caso é o seguinte:

1. Sanción por incomparecencia:
 - 1ª vez, amoestación e exclusión das axudas relacionadas cos equipos e redución da puntuación para premios ao mellor club deportivo.
 - 2ª vez e posteriores, amoestación e incremento do 50% na inscrición do equipo ao ano seguinte.Exponse polo menos incrementar o seguinte:
 - O equipo que faga incomparecencia en fase final, será eliminado da competición.

A FAVOR	EN CONTRA	ABSTENCIÓN
31	0	0

8. Propostas de Competicións.

Integrar torneos de clubs no sistema de puntuación do Galicia Head Tour.

Chegou unha proposta para que determinados torneos abertos de categoría xuvenil poidan outorgar puntos do Circuito Galicia Head Tour. Esta proposta foi ben valorada e queda pendente de estudar as condicións e características que deben cumprir estes torneos.

Outra proposta que queda pendente de analizar, e en beneficio de evitar o estres que hai neste momento na competición, dado o volume do calendario, é separar, segundo en que categorías nas competicións por equipos os individuais dos dobres. Iniciarase unha primeira competición por equipos de dobres nos meses de verán para tratar de analizar a acollida dos clubs.

9. Informes do Presidente

Non hai.

10. Rogos e preguntas

Establécese unha conversación entre os asistentes, que provén do manifestado anteriormente en relación aos aprazamentos na competición por equipos, á vez que nos campionatos galegos

individuais e do circuíto GHT, producidos fundamentalmente polas inclemencias do tempo meterolóxico.

Tómase a decisión de crear distintas comisións para definir plans de actuacións de distintas ordes.

Considérase fundamentalmente establecer 3 grupos de traballo para analizar e facer propostas sobre 3 temas principalmente:

- ✓ Equipo de traballo 1 - Análise e propostas para minorar o estres competitivo que están a sufrir os clubs
- ✓ Equipo de traballo 2- Análise e propostas para tratar a conciliación durante a competición, limitando o máximo posible as variacións na mesma.
- ✓ Equipo de traballo 3- Asesoramento nos procedementos completos para cubrir pistas, desde urbanísticos ata de financiamento.

E non habendo máis temas que tratar, se da por pechada a sesión sendo as 20.30 horas e da que se levanta a presente acta, que asignan o presidente da Federación Galega de Tenis e o secretario da reunión.

Vº e Prace
José Mosquera Casero

Gabriel Fernández Mourelle
Secretario da reunión